

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
FRANCÉS
(Cód. 12)

Primeira parte: **proba escrita (9 puntos)**

1) Pregunta 1

Puntuación: **2 puntos** (8 x 0,25)

Test de comprensión sobre o texto.

O alumnado contestará *verdadero* ou *falso* a unha serie de preguntas sobre o texto.
Cada unha das oito preguntas valorarase con 0,25 puntos.

Ex. **Opción A:** a) v; b) f; c) f; d) f; e) f; f) v; g) v; h) f.

Ex. **Opción B:** a) v; b) v; c) f; d) v; e) f; f) f; g) v; h) v.

2) Pregunta 2

Puntuación: **3 puntos**

Esta pregunta ten por obxectivo verificar o coñecemento práctico dos aspectos léxicos e morfosintácticos da lingua.

Pediráselle ao alumnado, preferentemente, que transforme ou complete estruturas oracionais, substitúa elementos dunha oración, busque sinónimos etc.

Constará de tres partes, cunha puntuación de 1 punto para cada parte. A valoración específica dentro de cada apartado será a que figure nos enunciados correspondentes da pregunta 2.

3) Pregunta 3

Puntuación: **4 puntos**

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. Pediráselle ao estudante que faga unha pequena redacción en francés cunha extensión ao redor de cen ou cento vinte palabras.

O tema estará relacionado coa temática do texto proposto.

Os **4 puntos** outorgaranse segundo a medida na que o alumnado cumpra cos seguintes parámetros:

- a) **Fluidez na expresión e corrección morfosintácticas (1,5 puntos):** as frases ou grupos de palabras están construídos correctamente.

Puntuación específica por categorías:

O alumno/a posúe un dominio razoable da lingua francesa: uso correcto dos pronomes ou conxuncións entre frases ou grupos de palabras, uso adecuado das preposicións, uso do “ne” dentro da negación, etc. (1 pto.), uso correcto dos tempos ou modos verbais (0,5 pts), etc.

- b) **Ortografía (0,5 puntos):**

A palabra está escrita correctamente segundo o dicionario (inclúe o uso da maiúscula e minúscula ao principio da palabra) e segundo as regras gramaticais: concordancias correctas en xénero ou número, concordancia verbal axeitada, escritura correcta de homófonos gramaticais (ex. : *à/a, où/ou, est/ait*), etc. (0,4 pts).

Uso correcto da puntuación: os signos de puntuación ou signos tipográficos non se omiten e úsanse correctamente (0,1 pts.).

- c) **Riqueza e emprego do léxico axeitado (1 punto):** o alumno/a sabe utilizar unha considerable variedade de recursos léxicos e un rexistro lingüístico adecuado.

Puntuación específica por categorías:

A palabra ou expresión utilízase de forma correcta: sen confusión de palabras, precisión, ausencia de pleonasmos ou repeticións abusivas, ausencia de anglicismos, etc. (0,8 pts.), rexistro de lingua adecuado (0,2 pts.), etc.

- d) **Estrutura do texto:** organización, presentación das ideas, encadeamentos lóxicos, estrutura clara do texto (**1 punto**): o alumno/a sabe expresar e estruturar adecuadamente as súas ideas.

Puntuación específica por categorías:

Uso adecuado dos conectores (cohesión: 0,4 pts.) e correcta organización das ideas dando lugar a un texto ben estruturado e coherente (coherencia: 0,6 pts.).

Valorarase negativamente:

- a) Non axustarse á extensión establecida (-0,25 pts.).
b) Repetir literalmente as frases do texto (-0,50 pts.).

TOTAL = 9 puntos.

Segunda parte: **proba de audición (1 punto)**

Haberá un total de dez preguntas tipo test de elección múltiple.

Cada unha das dez preguntas valorarase con **0,1** puntos.

Non se penalizarán as respostas erróneas.